



II SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Custodia do territorio e apadriñamento: A implicación cidadá na conservación da natureza

XORNADA DE VOLUNTARIADO

SÁBADO 5 DE OUTUBRO

Des-eucaliptización no río Mandeo

Fragas do Mandeo ten mercado máis de 50.000 m² de monte este ano. Gran parte desa superficie son fragas ben conservadas, pero noutros casos son eucaliptais. Nesta xornada de voluntariado imos a eliminar eses eucaliptos, impedindo que abrollen dos cepos e preparando as parcelas para a reboación con árbores autóctonas na próxima primavera. Deste xeito restaurarémo-la paisaxe, melloraremos-las condicións ambientais das marxes do río Mandeo e reduciremo-lo risco de propagación de incendios.

O punto de encontro será o ambulatorio de Betanzos ás 9:30. No caso de que se apunte xente suficiente, levaremos un autobús. De sermos poucos, organizaremonos con vehículos particulares. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 na área recreativa de Xora (Coirós). Para chegar alí hai que ir até Ois (Coirós) pola N-VI, e coller á esquerda cara Aranga. A área recreativa está xusto cando se cruza o río Fervenzas.

O traballo será de dous tipos. Por unha banda recoller e amorear os restos da tala dos eucaliptos, para o que non se precisan ferramentas. Por outra, quitarlle a casca ós cepos dos eucaliptos para que non abrollen. Leva calzado e roupa de traballo, luvas de coiro e algunha ferramenta (macheta ou foice), por se non chegan as ferramentas que leve a organización. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.